

CONCELLO DE NOIA



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100

Fax 981 821 741

PROMOTOR: Concello de Noia
ASUNTO: Actuación e limpeza no entorno cruceiro e peto de ánimas de Eiroa (Santa Cristina de Barro) Noia.
EXPTE.: Oficina Rehabilitación - Arqueoloxía

Achégolle documentación en relación ó asunto de referencia, así como informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, todo iso aos efectos de tomar as medidas correctoras que procedan.

Noia, 28 de outubro de 2015

O concelleiro delegado de Cultura e Patrimonio

Firma manuscrita de José Manuel Lage Tuñas, concelleiro delegado de Cultura e Patrimonio.

Asdo. José Manuel Lage Tuñas

DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL  
Secretaría Xeral de Cultura, Consellería de Cultura  
Educación e Ordenación Universitaria.  
Xunta de Galicia  
Edf. Administrativo San Caetano, Bloque 3-2º  
15781 Santiago de Compostela

CONCELLO DE NOIA



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

PROMOTOR: Concello de Noia
ASUNTO: Actuación e limpeza no entorno cruceiro e peto de ánimas de Eiroa (Santa Cristina de Barro) Noia.
EXPTE.: Oficina Rehabilitación - Arqueoloxía

Achégolle documentación en relación ó asunto de referencia, así como informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, todo iso aos efectos de tomar as medidas correctoras que procedan.

Noia, 28 de outubro de 2015

O concelleiro delegado de Cultura e Patrimonio

Firma manuscrita de José Manuel Lage Tuñas.

Asdo. José Manuel Lage Tuñas

DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL  
Secretaría Xeral de Cultura, Consellería de Cultura  
Educación e Ordenación Universitaria.  
Xunta de Galicia  
Edf. Administrativo San Caetano, Bloque 3-2º  
15781 Santiago de Compostela

## OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO

Rúa do Curro nº 24 15200 Noia.  
Tfno: 981 828 104

**ASUNTO:** Solicitud de información

Achégase documento informativo a petición de José Manuel Lage, concelleiro de Cultura e Patrimonio, en atención ao escrito enviado por Rafael García García, quen solicita deste concello se proceda á tramitación diante da DXPC da Xunta de Galicia, de cara a realizar unha actuación e limpeza no entorno cruceiro e peto de ánimas de Eiroa (Santa Cristina de Barro).



Noia, 22 de outubro de 2015

A arqueóloga da Oficina de rehabilitación de Noia



Asdo: *Ana Filgueiras Rei*

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE NOIA



## OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO

Rúa do Curro nº 24 15200 Noia.  
Tfno: 981 828 104

Dende esta Oficina de Rehabilitación do casco Histórico de Noia, e en resposta ao escrito do día 16 de outubro de 2015 (registro de entrada nº 10906), asinado por Rafael García García (CIF 78784925N) relativo á **solicitud de tramitación** diante da DXPC da Xunta de Galicia, para realizar unha actuación e limpeza no entorno do cruceiro e peto de ánimas de Eiroa (Santa Cristina de Barro).

A que subscribe, na súa calidade de arqueóloga do Concello de Noia, una vez visitado o lugar e realizada una inspección ocular

### Informa

#### Situación e descrición

---

O Peto de Ánimas e mailo *Cruceiro de Eiroa* foron realizados no ano 1879 por Andrés Castaño Fernández, coñecido como o *Santeiro de Chave* ou o *Vello Santeiro*, a devoción de Agustín Pérez. Orixinariamente estaban situados nun predio ou finca propiedade da familia, no mesmo lugar de Eiroa<sup>1</sup>. Así e todo, o momento da súa reubicación está sen determinar.

A singularidade artística do cruceiro ven dada pola representación escénica do *Desencravo* ou descendemento de Cristo da cruz. Un conxunto escultórico de seis figuras executadas con gran detalle e calidade artística. No terzo superior do varal do cruceiro sitúase sobre unha peana a figura de S. Agostiño, padroeiro do devoto, con inscrición indicativa ao mesmo. Na parte inferior do mesmo fuste -ocupando os seus catro lados- destaca a seguinte inscrición "EL EMM. SR. CARDENAL CONCEDIÓ 100 DÍAS DE YNDULGENCIA A TODOS QUE POSTRADOS REZAREN UN PADRE NUESTRO Y UN Credo POR LAS NECESIDADES DE LA YGLEsIA Y DEL ESTADO". Na base do cruceiro figura a inscrición do adicante: "SE HIZO A DEVOCIÓN DE AGUSTIN PEREZ. AÑO DE 1879". O cruceiro e o peto presentan restos de policromía.

Actualmente estes dous elementos sitúanse nun pequeno espazo axardinado delimitado e protexido do vieiro por un valo de pedra -como protección adicional-, na marxe esquerda da estrada Noia-Outes, a carón da que foi casa familiar propietaria do conxunto. No momento da visita da que isto subscribe, este pequeno xardín do recinto amosaba evidencias de falta de coidado ou mantemento (ver fotos).

<sup>1</sup> Información extraída do *Proyecto de Restauración del Cruceiro de Eiroa. Noia* elaborado en 2001 pola restauradora Rosa Benavides García

# OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO

## Información administrativa e patrimonial

---

Desde o punto de vista patrimonial, o cruceiro e Peto de Ánimas de Eiroa aparecen consignados no apartado de etnografía do catálogo do Concello de Noia, -publicado no D.O.G.A. nº 132 do xoves 11 de xullo de 1.991- baixo o epígrafe de cruceiros e petos de ánimas.

No Catálogo de Patrimonio do documento de aprobación inicial do PXOU de Noia do ano 2013, o cruceiro e o peto de Ánimas de Eiroa aparecen catalogados na ficha nº 2.16 e nº 2.43 respectivamente, co grao de protección integral. (Xúntase copia das mesmas no presente informe). No apartado 2.4. do mesmo, indícase que o patrimonio botánico dos espazos públicos ou de titulación privada existentes no espazo exterior dun elemento ou Ben do patrimonio arquitectónico ou etnográfico, serán obxecto de mantemento e coidado por parte dos seus titulares.

Pola súa banda, o Decreto nº 571/1963, de 14 de marzo (B.O.E. nº 77 de 30 de marzo de 1.963) establece que os cruceiros de máis cen anos están protexidos, asemade son declarados Bens de Interese Cultural pola disposición adicional 2ª da lei 16/85, do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español e pola Disposición adicional 1ª da lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, que ademais no seu artigo 37 establece que as intervencións en elementos declarados de interese cultural deberán contar coa autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 25.1º establece que os propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigados a conservalos, coidalos e protexelos debidamente para aseguraren a súa integridade e evitaren a súa perda, destrución ou deterioración

## Consideracións finais

---

Actualmente o cruceiro de Eiroa presenta un estado de conservación aceptable, considerando asemade que foi obxecto dunha importante restauración no ano 2002 a cargo da empresa de restauración Tomos - quen indicaba no seu día que o cruceiro xa fora obxecto de antigas restauracións puntuais- con motivo do impacto ocasionado no 2001 por un accidente de tráfico que escachou a cruz, o fuste e provocou perdas do material orixinal, especialmente do basamento e das gradas. Naquel momento, ademais da necesaria reconstrución do cruceiro, procedeuse á fixación das policromías realizándose tamén a limpeza do mesmo.

# OFICINA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO

No que atinxe ao Peto de Ánimas de Eiroa, non temos constancia fidedigna de que fose realizado nel intervención algunha de cara á súa restauración e preservación. É evidente que está máis descoidado, polo que dado o especial interese cultural que atesoura en sí mesmo, e por formar parte -xunto co cruceiro- dun conxunto devocional singular, recoméndase a realización dun informe de avaliación do estado de conservación do mesmo por parte de profesionais especialistas na materia, con propostas de intervención de cara á súa restauración.

Sobre o pequeno espazo axardinado que delimita este singular conxunto devocional, a información oral recollida apunta que a limpeza e mantemento do mesmo estivo tradicionalmente a cargo da familia propietaria do peto e do cruceiro. Así parece ser, atendendo ao escrito de data 12 de agosto de 1996, asinado polos daquela propietarios, José María García Liñayo e Francisca Pérez Fernández, solicitando ao concello que procedese a levantar unha protección axeitada para garantir a preservación deste Ben Cultural dos impactos derivados das colisións no mesmo a causa dos accidentes de tráfico no lugar. Neste escrito os interesados indican que son “propietarios e coidadores do cruceiro de Eiroa”.

## Conclusión

Para emitir xuízos de valoración sobre o estado actual de conservación do peto de Ánimas de Eiroa, a que subscribe considera preciso a recorrencia a técnicos profesionais da restauración que avalíen de xeito xeneralizado as patoloxías e deterioros que poda presentar actualmente o mesmo para ver de proceder á súa limpeza e restauración, e no seu caso, proceder á tramitación establecida pola *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia*.

No que atinxe ás competencias sobre a limpeza de vexetación e mantemento do axardinamento do espazo circundante que delimita o conxunto, (cruceiro e peto de Ánimas), consonte ao exposto anteriormente, dado que este é de titularidade privada, parece que corresponde ao ámbito da súa competencia segundo propio, recoñecido, e memorial costume.

O que informo aos efectos oportunos

Noia, 22 de outubro de 2015  
A arqueóloga da Oficina de rehabilitación de Noia



Asdo: Ana Filgueiras Rei

